

# PEDAGOXÍA DEMOCRÁTICA: A CARTILLA CONSTITUCIONAL DE J. M. PAZ NOVOA (INTRODUCCIÓN Á EDICIÓN FACSIMILE DA OBRA)

Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos

## 1. J. M. PAZ NOVOA: PERFIL HUMANO DUN XURISTA DEMÓCRATA E REPUBLICANO

A morte do académico don Francisco Ogando Vázquez privounos probablemente de ter hoxe nas nosas mans unha extensa e documentada biografía do xurista e profesor ourensán Juan Manuel Paz Novoa<sup>1</sup>. Á falta de tal obra dispoñemos dunha serie de aproximacións pioneiras coma as de Fernández Alonso<sup>2</sup> e Couceiro Freijomil<sup>3</sup>, inspiradoras á súa vez do artigo correspondente na edición castelá da *Enciclopedia Galega*<sup>4</sup>. Tamén temos que salientar o artigo de Sebastián Martínez Risco<sup>5</sup> no que destaca non soamente a súa faceta de xurista, *legum interpres*, senón tamén a de home comprometido coa realidade galega e coa súa problemática. Antes xa se tiña ocupado tamén de certos aspectos biográficos do ourensán, Anselmo López Morais, en 1960<sup>6</sup>.

O resumo que cómpre facer da análise da súa obra non pode esquecer dúas facetas esenciais que explican boa parte das súas inquedanzas sociais e mesmo literarias. Dunha banda, e desde unha posición política republicana e liberal, estivo comprometido nas loitas pola liberdade nun clima no que abundaban as condenas por motivos relixiosos e políticos. Unha boa proba desta actitude de loita polas liberdades e pola xustiza, foi a súa defensa de Curros Enríquez no xuízo que tivo lugar en Ourense no ano 1880<sup>7</sup>. O escritor, acusado de facer escarnio dos dogmas da relixión católica, foi condenado en primeira instancia, no que se pode considerar un capítulo máis da persecución por motivos relixiosos. Detrás desta sentenza, emitida polo xuíz Manuel Mella Montenegro, pero á que non era allea a man do bispo Cesáreo Rodrigo, agáchase toda unha estratexia coercitiva por parte da Igrexa Católica. A presenza de Paz Novoa como defensor de Curros demostra a firmeza das súas conviccións no contexto social dunha cidade con gran dependencia do clero.

Pero ademais da súa faceta como avogado, Paz Novoa destacou, tal como salienta Martínez Risco no artigo citado, como xurisconsulto. Neste eido temos que destacar o seu compromiso con Galicia por ter atendido, como teorizador e político, as peculiaridades da súa terra.

Un bo exemplo desta actitude atopámolo nas súas contribucións ao Dereito Civil Galego é no estudo dos foros<sup>8</sup>, onde avogaba pola abolición destes. Pode o parágrafo

desta carta de Juan Manuel Paz Novoa dirixida a Murguía exemplificar as distintas posicións ideolóxicas sobre este problema:

Estoy conforme con todas las indicaciones de U. sobre la cuestión foral, menos con una, que el foro subsista en lo sucesivo sin el subforo<sup>9</sup>. Aquel contrato tiene condiciones esenciales incompatibles con la Justicia. Me haré cargo de esta observación de U. detenidamente y en ocasión oportuna. [...]

Es claro: yo no veo la cosa como cuestión puramente jurídica o económica; al contrario, para mí es social. Se trata de redimir de su servidumbre de hoy al proletariado de los campos; se trata de elevar al forero a la condición de propietario; se trata nada menos que de la emancipación de la clase trabajadora. Este será mi pensamiento capital; a su realización tenderá mi humilde tarea<sup>10</sup>. ¿Disgustará a los poderosos? Que se amuelen. ¿No será agradecido el pensamiento por aquellos a quienes favorece? No importa; me cabrá la satisfacción de haber proferido una palabra de Justicia.

O compromiso coa súa terra queda xa explícito desde a dedicatoria do seu estudo sobre dos foros: “Dedico estas páxinas al virtuoso y distinguido demócrata Eduardo Chao, que anhela como yo la emancipación social de esta noble y honrada tierra de Galicia”.

Esta mesma preocupación social podémola advertir cando en vésperas da revolución do 68, escribe a Murguía unha carta na que se lamenta do escaso afán de loita do pobo:

Ayer hemos tenido aquí, de paso para Celanova, a los frailes escolapios que van a establecer en Celanova un colegio de 2<sup>a</sup> enseñanza. Se da como cierta la suspensión inmediata de todos los institutos de España, y se dice que se encomendará a los susodichos frailes la enseñanza de aquellos establecimientos. Lo siento por mí, que tendré que perder la cátedra<sup>11</sup>; pero no por este pueblo salvaje, indigno de la emancipación social, cuya bandera, tres veces desplegada, y otras tantas vencida, no ha sabido o no ha querido comprender, o por necedad o por miedo.<sup>12</sup>

Paralelamente a esta dedicación ao foro e á docencia, Paz Novoa estivo desde a súa época de estudante en Santiago moi relacionado co mundo xornalístico. As colaboracións, especialmente poéticas, na prensa son moi numerosas e empezan, que nós teñamos noticia, en 1858 coa aparición de varios poemas nas distintas entregas da publicación *Album de El Miño*, suplemento literario do xornal vigués do mesmo título<sup>13</sup>.

Sabemos que unha boa parte da tarefa intelectual do avogado de Ourense está marcada polo súa dedicación ao periodismo, un periodismo que nace na parte baixa da súa casa familiar pois o seu pai, Francisco Paz, era propietario dunha imprenta. Esta circunstancia permítelle ao seu fillo publicar un xornal, *El Eco de Galicia* desde o ano 1870. Neste xornal comeza a publicar algúns artigos sobre a cuestión dos foros. A favorable acollida e o interese que espertan estes artigos decídeno a amplialos e publicar un folleto, para o que merca papel belga. Grazas a esta publicación, que se sostén coas subscricións, di Paz Novoa que lle está a solucionar un problema a seu pai, que tiña a xente da imprenta a folgar<sup>14</sup>. Esta situación era bastante cotiá nas empresas familiares que dependían dos

pedimentos de clientes, especialmente o clero que con novenarios, boletíns e demais publicacións piadosas constituían o groso do traballo deste tipo de negocios. Estas empresas familiares adoitaban carecer de proxectos editoriais propios, estaban formadas por membros familiares (neste caso don Cesáreo e don Francisco Paz, que mercaran a imprenta que en Ourense tiña Moldes, instaláronse en 1837 co nome de *Imprenta de Cesáreo Paz y Hermano*, tal como demostran Barreiro Fernández e Antonio Odriozola<sup>15</sup>).

Coidamos que Paz Novoa pensou nun momento determinado en amplialo, cando era único propietario o seu pai, xa que no ano 1865 pide información a Murguía sobre a litografía de Osterberger coa que traballa o historiador<sup>16</sup>, para ver de mercar unha.

O certo é que as colaboracións de Paz Novoa na prensa empezan moi cedo, cando apenas contaba o noso escritor vinte anos. Temos, como xa adiantamos, localizadas algunhas colaboracións no tomo I de *El Album del Miño* no ano 1858. A partir desta data podemos atopar a súa sinatura en numerosas publicacións galegas ou relacionadas con Galicia: *Almanaques*, *La Ilustración Gallega y Asturiana* etc.

Curiosamente, a obra periodística do xurista ourensán está directamente relacionada coa amizade e afecto que lle profesou a Murguía<sup>17</sup>. Con seguridade que se inicia esta relación nos anos estudantís de Paz Novoa en Compostela onde frecuentaba a Sociedade de Amigos del País, auténtico foro do progresismo liberal daquela época.

As relacións co matrimonio Murguía Castro fanse cada vez máis cordiais a raíz de ter conseguido Paz Novoa, grazas ás súas xestións persoais diante do Gobernador Quiñones, unha pensión de 4000 reais da Deputación Provincial a favor da obra *Historia de Galicia*. Este trámite xera un extenso e intenso intercambio epistolar entre Ourense e Santiago no que saen a relucir outras moitas cuestións. A correspondencia permítenos introducirnos en pasaxes familiares da vida do ourensán pouco coñecidas, ademais de axudarnos a precisar datas, viaxes etc.

Deste xeito temos coñecemento do abondoso intercambio de datos históricos e artísticos entre os dous amigos, sabemos da acollida das obras de Rosalía e do seu marido, e da súa venda a amigos e familiares en Ourense, sabemos da enfermidade de Javier, irmán de Paz Novoa (que debía ser louro porque se refire a el como “mi hermano el celta”), cando era estudante de Medicina en Santiago, e non se nos ocultan as dificultades económicas de Murguía e Rosalía. O grao de intimidade que mantiveron os Paz e os Murguía queda reflectido anecdoticamente cando a familia do ourensán recibe nunha ocasión unha empanada de ollomol e noutra, unha empanada de muxes, ambas feitas por Rosalía. Estes intercambios gastronómicos soamente eran posibles nun contexto familiar ou de grande amizade.

Pero non faltaron tampouco as tensións entre os amigos, coma cando en 1870 non pode Paz prestarlle nin un real porque non dispón de aforros, ou cando anos máis tarde, sendo Secretario no Goberno da provincia de Pontevedra lle comunica o seguinte a Murguía:

Estaba en el mejor sentido esta Comisión para resolver su instancia como deseábamos; pero los términos destemplados en que U. la ha escrito lo echaron todo a perder [...]

Tratábase, unha vez máis de recorrer á subvención oficial para continuar a súa *Historia de Galicia*, poucos meses despois de regresar do arquivo de Simancas.

Unha faceta pouco coñecida de Paz Novoa é a súa nunca abandonada dedicación á poesía ó longo de toda a súa vida. Paga a pena polo menos que deamos aquí fe desta súa afección a través dalgúns poemas espallados en distintas publicacións xa que non chegou a editar poemario ningún. Todo indica que contemplou e cultivou a poesía como unha forma de humanismo que o liberaba dos trafegos profesionais. Era tamén o cultivo da poesía para políticos e burgueses unha marca de identidade da que non se arredaron outros moitos coetáneos de Paz Novoa. Unha referencia galega desta actitude cultural podemos atopala en Nicomedes Pastor Díaz, a quen por certo le o propio Paz, tal como di nunha carta dirixida a Murguía:

Estoy de trabajo ordinario hasta los ojos, y embrutecido con la enseñanza del derecho mercantil y los pleitos. Gracias si a última hora puedo saborear los versos de Pastor Díaz, que ahora he comprado.<sup>18</sup>

Noutra carta fala da emoción de Concepción Ávila, a súa esposa, ante a lectura dos *Cantares gallegos* de Rosalía.

Os primeiros poemas que coñecemos de Paz Novoa<sup>19</sup> marcan unha liña prerromántica onde se conxugan o gusto polo misterio e a lenda coa perfección formal.

Trátase dunha poesía coidada e reflexiva pero onde non se atopa a máis mínima emoción poética, semella que estamos ante exercicios retóricos. Que no caso do poema a España fai un percorrido por toda a mitoloxía patriótica castelá.

Máis interese ca estes primeiros poemas ten o que publica en *El Album de la Caridad* (1862) que resultou premiado co segundo accésit. O extenso romance dedicado, seguindo as bases que estableceran os primeiros xogos florais da Coruña, a “Macías el Enamorado”, relata a lenda do trovador en 186 octosílabos que teñen unha certa frescura e axilidade narrativa. Nada máis.

Paz Novoa era consciente de que a súa poesía non era máis que unha mostra do seu espírito culto e refinado. Un entretemento para que non o confundiran con todos os “zoilos” do mundo, tal como o noso autor se refería aos ignorantes e petulantes.

De calquera maneira, cando Paz Novoa escribe un poema, ou escribe un artigo erudito, defende a Curros, escribe sobre os foros ou sobre a Constitución, está sempre a loitar polas liberdades.

Tal é o caso da súa colaboración en *La Ilustración Gallega y Asturiana*,<sup>20</sup> cando esta magnífica publicación estaba dirixida polo seu amigo Murguía. Láiase o autor do artigo

dos frecuentes aprazamentos que sofre o ferrocarril en Galicia e da despreocupación duns políticos que non asumen a realidade social de Galicia:

¿Qué importa que esta tierra de lealtad que sacrificó a la patria miles de sus hijos en días de peligro y arrostra el hambre para cubrir los impuestos se vea desnuda de todo apoyo en las esferas del poder?

Noutro artigo publicado na mesma revista<sup>21</sup> exhuma as teses tomistas do teólogo de Ribadavia Frei Tomás de Lemos, que combate as teorías do xesuíta Luís de Molina a raíz do Concilio de Trento.

É autor tamén dun traballo<sup>22</sup> que debaixo dun título costumista esconde unha crítica social emparentada coa mellor vea de Larra, a quen por certo confesa ter lido. Porque o “pica-preitos” non se presenta como un tipo pintoresco senón como un individuo inmoral que engana amparándose na ignorancia que se enseñoarea do noso país. Unha ignorancia que impide que o progreso penetre en Galicia:

[...] en el orden moral engendra el mal; en el religioso la superstición, en el científico el error, en el económico la miseria, en el artístico lo feo, en lo político el despotismo [...]<sup>23</sup>

O retrato final do individuo en cuestión non deixa dúbida sobre a súa catadura moral:

Este tipo nauseabundo, inmoral, malvado, que me cupo en suerte perfilar, suele ascender a cacique electoral, a alcalde y algo más: cuando esto sucede lleve consigo el agio y la impudencia a la administración y a la política.

Cando Paz Novoa remata con estas conclusións está a debuxar un perfil moral baseado na súa experiencia como avogado en exercicio durante moitos anos. Ata algún exemplo que pon dos recursos do “pica-preitos” á xerga xudicial ten valor, como nos di o autor a pé de páxina, histórico.

Por este motivo non faltan na biografía xornalística de Paz NÓVOA as aventuras e os lances coa censura. Cóntalle a Murguía nunha carta datada o 14 de xullo de 1866, que acaba de retirarlle a autoridade militar unha publicación titulada *El Brujo. Hoja impolítica desorejada y no periódica que se publicará cuando y como el autor plazca*. Pretendía con esta folla refutar a publicación, por conservadora, de Alejandro Quereizaeta que tiña como cabeceira *Amigo de Galicia*.

Cando envía un exemplar da *Cartilla Constitucional* a Murguía expón así os seus temores:

Ayer he enviado a U. por el correo un ejemplar de mi Cartilla. Algo mejor ha salido que la Defensa porque he dirigido yo mismo la edición. Se va vendiendo por aquí; pero si los párrocos me la excomulgan, como temo que lo hagan, de los 3000 ejemplares me van a quedar la mitad para envolver alcarabea.

Os temores do autor non eran infundados pero non por iso deixaba de expresarse libremente sabendo sempre en contra de quen tiña que loitar. E déixao moi claro no prólogo da súa cartilla:

Escribo esta Cartilla Constitucional sin otra pretensión que la de contribuir por mi parte a la propaganda de los principios democráticos, hoy convertidos en preceptos legales, entre los niños de mi país.

Sí, hijos míos: la democracia no es, como oiréis a muchos, el genio malo que todo lo destruye: la democracia es el ángel de la redención de todos los hombres en el orden político y social: no es impía, ni enemiga de los pobres, ni de los ricos, ni de nadie; por el contrario, declara iguales y hermanos a todos los hombres, y les reconoce libres por la Naturaleza [...].

Esta linguaxe de púlpito semella querer sinalar desde o principio os inimigos da Constitución. Non nos debe estrañar xa que logo que Paz Novoa tema pola posible condena dos párrocos.

Desde unha actitude anticlerical, como ortodoxo liberal e republicano, non deixou de respectar a valía intelectual do seu compañeiro de claustro, Saco y Arce. Este benemérito estudoso e sacerdote, que chega a renunciar á súa cátedra por non ter que xurar a Constitución de 1869, sempre contou coa amizade e valoración intelectual de Paz Novoa. E non podía ser doutro xeito nun home que sempre mantivo a fe na democracia.

## 2. A CARTILLA CONSTITUCIONAL DE PAZ NOVOA

O público agradecerá a publicación deste rarísimo exemplar de literatura política<sup>24</sup>, por varios motivos: por ser o seu autor o grande intelectual republicano Paz Novoa, por estar dirixido aos nenos das escolas coa intención de fomentar neles o amor á constitución de 1869 e, finalmente, porque é a única cartilla constitucional elaborada e impresa en Galicia durante o Sexenio.

### CARTILLAS E CATECISMOS POLÍTICOS EN GALICIA NO SÉCULO XIX

Ademais do uso popular da palabra “cartilla” como o pequeno libríño no que se aprendían as primeiras letras<sup>25</sup> ou “cartilla” como equivalente ao catecismo cristián<sup>26</sup>, durante o século XIX foise xeneralizando o uso desta palabra para titular aquelas obras queridas e publicadas para o gran público e nas que, en forma breve e sinxela, se pretendía comunicar algo de interese colectivo.

Ante a ameaza dun brote epidémico, as institucións ou algúns médicos especialistas publicaban unhas cartillas de saúde dirixidas ao gran público para que tomasen as precaucións necesarias<sup>27</sup>. O mesmo sucedía cando ameazaba a filoxera as vides<sup>28</sup>, ou cando era preciso ensinalles aos labradores un novo produto<sup>29</sup>, e tamén se chamaban así os tratados de agricultura para as escolas<sup>30</sup>.

O campo da sanidade e tamén o militar, de tanto uso para o pobo, precisaban de “cartillas” que aliviaran a complexidade da administración<sup>31</sup>. Tamén, ás veces, as Deputa-

cións e a mesma Facenda recorreron á publicación de “cartillas” electorais, de avaliación económica etc.<sup>32</sup>

Cando no Sexenio se impuxo en España o sistema métrico decimal foi preciso elaborar unhas táboas nas que o público puidese coñecer os valores e proporcións. Nalgúns casos, estes impresos chamáronse “cartillas”<sup>33</sup>.

Para facilitarlle ao clero a celebración diaria da liturxia sagrada imprimíronse unhas Cartillas, usualmente coñecidas como “cartillas do rezo”, que xa existían en Santiago no ano 1619<sup>34</sup>.

Como poderá observarse, o que caracteriza as cartillas é que se trata dun impreso no que se expón algo, en forma breve e moi sinxela, para o uso do público en xeral ou de grupos sociais moi determinados.

Ademais dos militares, enfermos, labradores etc. tamén as empregadas do fogar tiñan as súas cartillas<sup>35</sup>, os fareiros<sup>36</sup> e ata os músicos<sup>37</sup>.

Cando a partir da Guerra da Independencia se inicia en España a literatura política con pretensións de chegar ao maior número de cidadáns, unha literatura evidentemente pedagóxica pero tamén publicitaria, os autores atopáronse coa necesidade, se querían chegar ao gran público, de utilizar unha destas dúas palabras: *Cartilla* ou *Catecismo*. Eran dúas palabras, ou dous títulos, asumidos polo mercado, que gozaban dunha xeral aceptación e que definían con suficiente precisión o obxectivo dos autores: ofrecer un texto breve, sinxelo e ao alcance dun público medianamente formado. Tiña, ademais, a vantaxe do seu uso en Francia dende a Revolución Francesa de onde proceden, como veremos, os primeiros catecismos políticos.

A contaminación das dúas palabras debido ao uso xeneralizado que fixo o clero non foi motivo de rexeitamento. Ao contrario, desta forma procurábase remarcar a compatibilidade entre a doutrina da Igrexa e os principios constitucionais. Por iso non era infrecuente que as obras se titulasen *Cartilla Cristiá Constitucional* ou ben *Catecismo Político Constitucional*.

A abondosa e riquísima literatura política galega dende 1808, que constitúe un dos capítulos máis descoñecidos da nosa historia, poucas veces se manifestou en forma de comentarios dialóxicos publicados para que os alumnos os memorizasen. Polo contrario, a maior parte desta literatura prescindiu deste importantísimo medio de formación e propaganda para orientarse a favor dos grandes debates nos que os defensores dos distintos sistemas políticos, pero moi especialmente os liberais e absolutistas, se empeñaban en formidables diatribas. Utilizando os xornais, pero tamén os folletos e incluso libros de gran formato, lidaron os nosos intelectuais un pouco de costas ao gran público non sempre capaz de seguir a documentada argumentación dos contendentes.

Por iso temos que destacar os autores e as obras que pensaron tanto nos nenos das escolas coma nos sectores da poboación menos cultivados e que constituían o gran mercado galego.

En todo o século XIX só apareceron tres *Cartillas* con este pretendido obxectivo.

A *Cartilla Cristiana Constitucional*<sup>38</sup> que imprime no ano 1820 o impresor liberal D. Manuel Antonio Rey. En realidade non é un comentario á Constitución senón a unha serie de artigos desta: o 168, sobre a autoridade do Rei; o 173, sobre o xuramento que debe prestar o Rei; o 212, sobre o xuramento que debe facer o Príncipe de Asturias; o 117, sobre o xuramento que farán os deputados, e os artigos 91 e seguintes, sobre as condicións que se precisan para ser deputados.

O impresor compostelán Rey indica que se trata dunha reimpresión, pero non nos di quen foi o seu autor. O autor era D. José López Cancelada, comisionado principal do Crédito público na provincia de León, quen imprimiu a *Cartilla Cristiana Constitucional* en Madrid<sup>39</sup>.

Nesta *Cartilla* non hai preguntas nin respostas. Exponse un artigo da Constitución e, a continuación, López Cancelada fai como unha especie de advertencia aos lectores e remata cunha oración. Por exemplo:

“De la autoridad del Rey”

Art. 168: “La persona del Rey es sagrada e inviolable, y no está sujeta a responsabilidad. El Rey tiene el tratamiento de Majestad Católica”.

Comentario: “Cuidado, españoles, con respetar al Rey como manda la Constitución. El Rey es persona sagrada. El Rey representa a Dios en la tierra”.

“Agradecimiento cristiano”: “Bendito seáis, Señor, Dios, Rey de los Reyes, que habéis dispuesto por la Constitución que el de España sea católico para aseguramos el evangelio de vuestro único Hijo, sin que ninguna secta pueda introducirse y hacer variar nuestra santa creencia”.<sup>40</sup>

A *Cartilla Cristiana Constitucional*, que comentamos, mesmo parece escrita por un absolutista que selecciona só algunhas cuestións para testemuñar que nesos puntos a Constitución nada altera á tradicional lexislación española.

O que sorprende é que o impresor Rey, que era un liberal radical, elixira precisamente esta obra para reimprimila. Posiblemente a seleccionou por ser unha das primeiras cartillas impresas en España<sup>41</sup> e para que o pobo e as forzas absolutistas depuxeran as súas prevencións contra unha Constitución tan cumprida e respectuosa coa monarquía.

Xa se publicara con anterioridade en Galicia outra cartilla política moi distinta da que acabamos de expoñer: *Cartilla Natural y Política del Ciudadano Español*, impresa na Coruña no ano 1812<sup>42</sup>.

Aínda que apareceu como obra anónima, sabemos que foi redactada e impresa por D. Antonio de la Peña<sup>43</sup>, un intelectual comprometido co liberalismo que chegou á Coruña en agosto de 1811 fuxindo dos franceses que ocuparan Valladolid, cidade na que de la Peña tiña a cátedra de Economía Política da Real Sociedad Económica e era, ademais, Director de Matemáticas da Real Academia de Valladolid.

Acollido polos liberais da Coruña, nomeárono redactor do xornal *El Ciudadano por la Constitución* e conseguiron que fora elixido Secretario da Xunta de Censura de Galicia.



Os absolutistas denunciárono por afrancesado durante a súa estancia en Valladolid e foi encarcerado durante seis meses. Neste tempo o seu xornal, *El Ciudadano por la Constitución*, deu a noticia de que “escribió la *Cartilla del Ciudadano Español*, manual el más interesante para ilustrar a todo hombre amante de lo justo”<sup>44</sup>.

A *Cartilla* non é un comentario nin unha esexese da Constitución. É moito máis. En forma dialogada (aínda que con parágrafos moi extensos, o que indica que non foi escrita para ser memorizada) o autor desenvolve todo un tratado de política liberal no que, por suposto, a constitución era o eixe central.

Dividida en tres grandes capítulos, abrangue en realidade trinta e unha cuestións nas que se estudan as facultades do home e os deberes naturais. Critica veladamente a nobreza porque vivir sen traballar “está tan lejos de ser una virtud que es un gravísimo pecado”<sup>45</sup>.

Describe os dereitos naturais, especialmente os de propiedade, o dereito a liberdade, a igualdade e a seguridade.

Peña, que coñece ben as constitucións de Inglaterra, Estados Unidos, Francia e Suecia, incardina a Constitución Española (que aínda non fora aprobada pero si discutida) na gran tradición liberal destes países.

Neste libro rarísimo<sup>46</sup> aparecen outras apreciacións escasamente valorativas para a lingua galega xa que, “los dialectos particulares no sirven más que para excitar el odio, la rivalidad y la desunión entre los habitantes de las provincias. El apego al terruño no es el amor a la patria y acaso es el enemigo del Estado”<sup>47</sup>, ou para as mulleres para as que reclama o dereito a voto nas eleccións porque “no están faltas de consejo ni de previsión y quizá algunas tienen más que los hombres”<sup>48</sup> pero inconsecuentemente négalles a capacidade para ser deputadas “por la debilidad y ligereza de su propio sexo y en que no son por lo mismo capaces de profundas meditaciones ni de arduos trabajos”<sup>49</sup>.

A terceira cartilla política aparecida en Galicia é a de Paz Novoa á que lle dedicaremos un amplo espazo máis adiante.

Vexamos agora a literatura política que foi publicada baixo o nome e título de *catecismos*.

O catecismo, mesmo pola súa significación etimolóxica “instruír por la palabra hablada”<sup>50</sup>, foi un xénero monopolizado pola Igrexa para a súa catequese doutrinal, especialmente desde a aparición dos dous modelos de catecismo: o de Astete (1537-1604) e o de Ripalda (1536-1618) (en realidade Martínez de Ripalda) con centos de edicións en todo o mundo.

O modelo de catecismo católico adoptou a forma dialóxica (preguntas e respostas) por considerala a máis didáctica e asemade a mellor para ser memorizada.

Pero esa mesma fórmula de preguntas e respostas foi adaptada para a exposición doutras ciencias e artes e, por iso, as obras que a empregaron pasaron tamén a titularse *catecismos*.

Na publicística galega do século XIX hai algúns exemplos de *Catecismos* históricos<sup>51</sup> e de *Catecismos* sociais<sup>52</sup> e, sobre todo, temos o *Catecismo do Labrego*, xenial creación de

Lamas Carvajal, redactado con humor, ironía e mesmo carraxe social empregando o modelo do catecismo doutrinal da Igrexa. Todos os demais títulos de catecismos, agás os políticos, que logo estudaremos, fan referencia sempre a temas eclesiásticos<sup>53</sup>, ou relixiosos<sup>54</sup>.

De Francia chegaron a España os primeiros modelos de catecismos políticos e, posiblemente, o catecismo do P. Gérard foi o máis imitado (en realidade *Almanach du Père Gérard* redactado por Collot D'Herbois en 1792). Outros catecismos políticos franceses como o *Catechisme de la Constitution Française. La Nation. La Loi, Le Roi* (1791) ou o *Catechisme de la Constitution Republiccaine* (1793) deixaron a súa pegada nos primeiros catecismos políticos de España<sup>55</sup>.

Quizais valorando excesivamente a influencia destes catecismos, o Conde de Cabarrús expresábase así nunha das súas cartas:

El catecismo político está por hacer: vmd. sabe que yo quise proponerlos por asunto de un premio cuantioso a nuestra sociedad patriótica. Se podría seguir este método o confiarle a alguno de aquellos pocos hombres para los cuales la idea de contribuir de un modo tan eficaz a la felicidad nacional sería la más dulce recompensa. La constitución del Estado, los derechos y obligaciones del ciudadano, la definición de las leyes, la utilidad de su observancia, los perjuicios de su quebrantamiento, tributos, derechos, monedas, caminos, comercio, industria, todo esto se puede y debe comprender en un librito del tamaño de nuestro catecismo<sup>56</sup>.

Os catecismos políticos aparecen a partir de 1808 e a súa incidencia responde a tres momentos:

- Dende 1808 ata 1814
- Dende 1820 a 1823, na segunda experiencia liberal
- Dende 1868 a 1874, coincidindo co Sexenio

Nun importante traballo de recompilación, Morales Muñoz<sup>57</sup> enumerou os seguintes catecismos no século XIX:

<b>Impresos en España</b>	<b>822 catecismos</b>
Impresos fóra de España pero españois	169 catecismos
<b>TOTAL</b>	<b>991 catecismos</b>

A distribución de temas é a seguinte:

<b>Catecismos relixiosos</b>	<b>786</b>	<b>79,3 %</b>
Catecismos morais, literarios, técnicos etc	118	11,9 %
<b>Catecismos políticos</b>	<b>8</b>	<b>78,7 %</b>

Na publicística galega mantense parecida proporción:

<b>Catecismos relixiosos</b>	<b>34</b>	<b>82,9 %</b>
Catecismos políticos	4	9,7 %
Outros catecismos	3	7,3 %
<b>Total de catecismos</b>	<b>41</b>	

En todo este período só consta que foran impresos catro catecismos políticos, dos que unicamente tres son coñecidos. Do cuarto só temos unha referencia bibliográfica bastante inconcreta: trátase do *Catecismo Civil*<sup>58</sup>, supostamente impreso en Santiago, na imprenta de Aguayo, pero sen indicación de ano.

En 1812 aparece o *Catecismo Político Constitucional para educación de la juventud española*<sup>59</sup>.

Confesa o anónimo autor na introdución que “el Catecismo Político Constitucional no es otra cosa que una breve y sencilla exposición de la nueva Constitución española, puesta en forma de diálogo para que mejor se estudie de memoria”.

Se temos en conta que o Catecismo consta de cento vinte e cinco páxinas, de letra apertada, e que hai respostas de dúas páxinas, xa se comprende que a pretensión de memorizar o texto resulta imposible.

O autor non comenta toda a Constitución nin todos os capítulos e artigos desta, pero estrutura a súa obra en títulos que se corresponden cos dez títulos da Constitución.

É sólido na doutrina liberal. Sacraliza á Constitución ao dicir que “el que se precie de buen español debe estudiar la Constitución, grabarla en el corazón y sacrificar su vida por asegurar su exacta observancia”<sup>60</sup>.

Defende a soberanía nacional: “Si el Rey es árbitro de formar leyes la nación es su esclava”<sup>61</sup>. Procura unha solución política afastada por igual do absolutismo e do republicanismo: “es el camino medio entre los delirios del republicanismo, democracia o gobierno de todos y los caprichos de uno solo, como sucede en el gobierno despótico”<sup>62</sup>.

É tan liberal este *Catecismo* que resulta sorprendente que fose impreso por frei Juan Chacón, propietario da imprenta de *El Exacto Correo*, unha das plataformas publicitarias do pensamento absolutista en Galicia. O feito de que non indique o texto que se trata dunha reimpresión, como era preceptivo, xa que indubidablemente este *Catecismo* non foi redactado en Galicia e, por outra parte, a fobia que os redactores de *El Exacto Correo* (xornal absolutista da Coruña) tiñan á constitución á que deostaban sempre que tiñan ocasión, fainos pensar que estamos ante unha edición fraudulenta, posta intencionadamente baixo o rubro dos furiosos anticonstitucionais de *El Exacto Correo*, quizais para que os seguidores do xornal a leran ou sinxelamente para burlarse deste grupo.

No ano 1820 aparece o *Catecismo político cristiano constitucional para instrucción de la juventud española*<sup>63</sup>.

Tampouco se indica que se trata dunha reimpresión e, non obstante, este catecismo é o mesmo que se publicou en Cádiz no ano 1812<sup>64</sup> e que foi sen dúbida un dos mellores catecismos políticos, o que explica que fose reeditado en varias ocasións<sup>65</sup>.

Non segue na súa estrutura a constitución, aínda que recolle todos os temas da mesma. Está dividido en dezaioito leccións, en forma dialóxica, e o seu ton é liberal aínda que moderado.

Parécenos que estamos ante outra edición fraudulenta ou pirata por dúas razóns: a ausencia de toda referencia a que se trata dunha reimpresión, cousa que habitualmente non facían os impresores serios, e o feito de que o impresor Iguereta apareza escrito Higuiereta. Sería a primeira vez que o impresor vasco, aveciñado na Coruña, escribíse o seu apelido con hache.

Tamén en 1820 aparece unha reimpresión dun catecismo posiblemente xa impreso no ano 1814. Foi o seu autor D. Jacobo Violán y Romero, mestre da cidade de Ferrol, e titúlase *Catecismo político o breve explicación de las obligaciones civiles, acomodado a la inteligencia de los niños, según lo previene a los maestros la Constitución de la Monarquía*<sup>66</sup>.

Rematou o orixinal deste catecismo o 27 de setembro de 1813 e dinos no texto que leva máis de corenta anos “lidiando con niños”. Na entusiasta dedicatoria que fai do catecismo ao Capitán Xeral de Galicia, Lacy, lémbrale que foi o seu discípulo “quando niño”. Aínda que Violán y Romero non di que fose de Ferrol a referencia a Lacy coincide, porque Lacy de neno viviu nesta cidade. É moi posible que Lacy sufragase os gastos da edición xa que o menciona como “Mecenas de este catecismo”.

Na segunda edición (non fomos capaces de localizar a primeira) engádelle un soneto á memoria de Lacy, que fora axustizado en Mallorca o 5 de xullo de 1816 por protagonizar un pronunciamento a favor da constitución.

O catecismo está moi acomodado á mente e capacidade dos nenos. Elimina toda cuestión complexa, e remarca a relixión como elemento constitutivo da patria<sup>67</sup> tachando de malos patriotas aos que escriben contra a relixión católica. Considera a primeira obriga do cidadán español a observancia da relixión católica<sup>68</sup> e mesmo debería ser condenado a morte quen pretendere introducir en España outra relixión distinta<sup>69</sup>.

O comentario que fai á Constitución é moi elemental e sen entusiasmo ningún.

A partir do Trienio Constitucional e ata o Sexenio non consta que se publicase en Galicia ningún outro catecismo político<sup>70</sup>.

## A CARTILLA CONSTITUCIONAL DE PAZ NOVOA

O xeneral Prim, líder indiscutible do partido progresista, aínda que Olózaga exercera a presidencia histórica, foi o motor do levantamento que en setembro de 1868 derrocou a monarquía isabelina.

Prim pensaba inicialmente nun pronunciamento estritamente militar, sen participación do pobo, que lle deixara as mans libres para substituír a monarquía isabelina por outra dinastía pero mantendo o gran pacto entre aristocracia e alta burguesía que xa viña funcionando dende 1834. A destitución de Isabel II era o castigo imposto por non querer exercer o poder arbitral, entre os partidos moderado e progresista, que era unha das condicións dese gran pacto nunca escrito pero determinante na vida política española. Que os progresistas só puidesen acceder ao goberno mediante un golpe de Estado (1836,

1840, 1854) revela o incumprimento por parte da Monarquía dunha das condicións de estabilidade política.

Por iso Prim aposta por un pronunciamento militar xa que o fracaso dos pronunciamentos de Villarejo (o 22 de xuño de 1866 no cuartel de San Gil e en agosto de 1867) saldados con execucións fixéronlle comprender que non abondaba cun golpe militar, que era preciso mobilizar a poboación civil para consolidar a vitoria militar.

Iso explica que Prim, que só contaba co partido progresista e unha facción da Unión Liberal para os seus proxectos, non tivese máis remedio que aproximarse ao partido republicano o único que, xunto ao carlista no País Vasco e Navarra, lle podía garantir o apoio popular. As reunións de Ostende e París con republicanos exiliados (Pi i Margall, Ruiz Zorrilla, Eduardo Chao, Manuel Becerra etc.) pechou o compromiso. Os republicanos, que puxeron como condición a proclamación da República e só atoparon en Prim evasivas, mobilizaron as súas bases a través dun complexo sistema conspiratorio.

O pronunciamento do 18 de setembro de 1868, que tivo como protagonista inesperado a Armada, consolidouse cando as masas tomaron as rúas e se organizaron en xuntas revolucionarias que elaboraron e presentaron en forma de manifestos as súas demandas de cambio social e político<sup>71</sup>.

Consumado o proceso co exilio de Isabel II, Prim tivo que reordenar a súa estratexia. Era imposible que o pobo, protagonista daquel acontecemento, se contentara cun cambio de dinastía. Non estaban dispostos a retornar ao seu traballo sen obter parte, polo menos, das súas demandas. Iso explica a radicalidade das primeiras medidas adoptadas polo Goberno Provisional e moi especialmente polo ministro de Graza e Xustiza, o galego Romero Ortiz, contra as asociacións relixiosas e contra o clero. E iso explica tamén que, en troques de ter que aceptar de novo a monarquía (e iso foi o que lle custou a vida a Prim)<sup>72</sup>, fora promulgada a constitución de 1869, a máis liberal e progresista que tivo o Estado no século XIX.

O entusiasmo popular producido pola chamada Revolución de Setembro só se pode comparar na historia de España co sucedido o 14 de abril de 1931. Son momentos de tal intensidade popular que escapan a calquera análise obxectiva. Ventos de fronde revolucionaria, instintiva e emocional, sacoden as cadernas do Estado e ameazan con derrubar o sistema produto de anos de experiencia e historia. Unha nube de utopía envolve as cidades que espertan cada mañá con anuncios de varios mitins, con dous ou tres xornais novos, coa noticia –afortunadamente non confirmada– de asinatos de frades e monxas, con movementos de tropas ou cun decreto de Romero Ortiz exclaustRANDO os frades.

Desfeitos os diques da represión de prensa aparecen xornais en Galicia que testemuñan xa nas súas cabeceiras a tensión revolucionaria que se vive: *El Amigo del Pueblo*, da Coruña, que levaba o seguinte lema: “Todo por el pueblo y para el pueblo. ¡Viva la

Revolución!”, *Boletín de la Revolución*, de Ferrol; *El Ciudadano*, de Ribadeo; *La Democracia*, de Pontevedra; *El Eco de la Democracia Santiaguesa*; *El Eco Popular*, de Lugo; *La República Federal*, de Pontevedra, co lema “Semnario del pueblo”; *La Revolución*, de Santiago; *La Tormenta*, de Santiago; *El Tribuno*, de Ferrol, co lema “Órgano del partido democrático”; *El Trueno*, de Santiago; *La Voz del Pueblo*, de Ferrol, co subtítulo “Diario de la Revolución”; *La Voz del Pueblo*, de Pontevedra, co lema “Abajo los Borbones. Viva el pueblo. Gloria eterna a la Marina, al Ejército y al Pueblo”; *La Voz Popular*, de Lugo; *El Voto Popular*, de Lugo. E fixémonos que todos eles apareceron entre outubro e decembro de 1868.

Esta enchente de liberdade e prensa libre axudou a manter viva a utopía inicial e a crear unhas expectativas revolucionarias. A Constitución de 1869 intentou canlear as máis importantes demandas populares e, por iso, as autoridades políticas do novo réxime impulsaron o coñecemento e divulgación da Constitución.

A multiplicación de xornais e folletos políticos comentando a Constitución de 1869 pode explicar o escaso número de catecismos e cartillas publicadas. Quizais por iso o Goberno publicou o decreto do 23 de febreiro de 1870 declarando obrigatorio o ensino da constitución en todas as escolas públicas. Nin así se conseguiu que apareceran catecismos e cartillas.

Varios dos catecismos aparecidos nestes anos nada tiñan que ver co comentario da Constitución. Eran libros de propaganda política, case sempre republicanos, nos que en forma de preguntas e respostas se adoutrinaba os lectores sobre os principios ideolóxicos dos partidos. Así, por exemplo, o catecismo de Amigo y Pellicer, impreso no ano 1869<sup>73</sup>, o mesmo sucede co *Catecismo democrático federal*, impreso na Coruña en 1869 que era unha obra de propaganda política<sup>74</sup>, o *Catecismo del Internacional*<sup>75</sup>, o *Catecismo Popular* (carlista)<sup>76</sup>, ou a serie de catecismos de propaganda republicana de Espinel y Fuster<sup>77</sup>, Tresserra<sup>78</sup> etc.

Tampouco podemos considerar como comentario á Constitución o Catecismo de la *Trinidad Liberal, Soberanía, Libertad, Igualdad* de Carrillo y Sánchez<sup>79</sup> que é un tratado de dereito público constitucional, presentado en forma de preguntas e respostas, onde certamente aparece un comentario á constitución pero no medio de todo un tratado das cuestións máis importantes do dereito público.

Non podemos acceder ao texto de dous catecismos políticos deste período, o de Batlle y Mundi<sup>80</sup> e o do cóengo maxistral de Huesca, Valero Palacio Campos<sup>81</sup>, polo que descoñecemos se son dous catecismos de propaganda partidista ou catecismos que explican e comentan a constitución.

Estritamente falando só coñecemos dous textos de comentarios á Constitución de 1869: o *Catecismo Constitucional* de Gregorio Barragán<sup>82</sup> e a *Cartilla Constitucional* de Paz Novoa.

Xa na introdución Barragán expón os seus obxectivos:

Nadie puede poner en duda que, enseñando al niño desde sus primeros años la Constitución que sirve de régimen a su patria querida y en la que se hallan consignados los fundamentales preceptos de su política y gobierno, cuando llega a ser hombre, y a la ligereza propia de la infancia sucede la grave y reposada reflexión de la edad madura, comprenderá de una manera más perfecta los deberes y derechos que en aquella se hallan consignados para su práctica.<sup>83</sup>

Divide o catecismo en catro partes e unha introdución ou Preliminares, onde se presentan os principios fundamentais da política, como que é a Constitución, que é a lei, que é a monarquía etc.

A Parte Primeira (páxs. 19-32) refírese a “españoles y sus derechos”; a Segunda (páxs. 33-45), aos poderes públicos; a Terceira (páxs. 46-53), ao Rei, Rexente do Reino, sucesor da Coroa e ministros; a Cuarta (páxs. 54-56), ao exército e forza pública, contribucións, concellos e deputacións. Remata o catecismo cunhas Máximas político-morais (páxs. 57-61) onde inculca, en pequenos apotegmas ou frases, a orde, obediencia ás leis, conciliación da liberdade coa relixiosidade, onde se advirte contra o fanatismo etc.

Pretende ser moi didáctico e, para iso, as preguntas e respostas son curtas, facilmente intelixibles, e prescindindo de interpretacións. Cando a cuestión acepta diversas interpretacións o autor reproduce textualmente o texto constitucional.

A pesar da intención pedagóxica, que está presente en todo o catecismo, resultaríalles imposible aos mestres, e moito máis aos alumnos, memorizar tantas páxinas.

#### A CARTILLA DE PAZ NOVA<sup>84</sup>

Comecemos dicindo que a Cartilla Constitucional de Paz Nova está confeccionada en forma moi diferente a todas as que vimos, xa que non hai preguntas e respostas, nin a súa pretensión foi abarcar toda a Constitución.

O decreto do 23 de febreiro de 1870 do Ministerio de Fomento no que se impoñía o ensino da Constitución en todas as escolas públicas de instrución primaria precisaba que “por lo menos” os alumnos deberían memorizar o *título primeiro da mesma*, é dicir, os trinta e un artigos nos que se expoñían os dereitos fundamentais dos españois.

Paz Novoa opta por esta fórmula e renuncia a facer un comentario de toda a Constitución, posiblemente coñecendo a dificultade que para mestres e alumnos supoñía memorizar todo o texto da Constitución.

Por iso divide a Cartilla en trinta e unha leccións que se corresponden cos trinta e un artigos do título primeiro da Constitución.

Cada unha das leccións consta de dúas partes: o texto constitucional que é o que os alumnos deben memorizar e a continuación, e con tipos de letras distintos, aparece o comentario do autor ao correspondente artigo. Estes comentarios non teñen que ser memorizados, nin aparecen por conseguinte en forma de preguntas e respostas, senón o texto corrido. Sen dúbida, a pretensión de Paz Novoa é que o mestre, utilizando os seus comen-

tarios, explique os artigos e, ao mesmo tempo, que os pais ou incluso os propios alumnos poidan interpretar por eles mesmos e co apoio dos comentarios o texto constitucional.

Esta división permítelle ao autor manter a ortodoxia liberal dos artigos constitucionais e, asemade, influír cos seus comentarios nunha determinada intensificación dos mesmos, porque está claro que Paz Novoa non desaproveitou a ocasión para xostrear duramente aos inimigos da liberdade, aos absolutistas e tamén a cantos antes de 1868 fixeron mercadoría da política. Porén, abstense prudentemente no tema da monarquía, que non comenta, quizais para que non se lle note o seu republicanismo.

Ao remate do catecismo, Paz Novoa reproduce a constitución enteira, sen facer comentario ningún, agás os que lles dedica aos trinta e un primeiros artigos.

Destacamos algún dos seus comentarios que axudan a perfilar o seu pensamento político.

Intelixentemente prescinde de comentar o artigo un no que se define quen son españois<sup>85</sup> e cuxa interpretación era extremadamente complexa porque se aludía aos nados en territorio español, pero non quedaba claro se o territorio era o peninsular ou tamén o de América e Filipinas onde se mantiña a escravitude.

No seu lugar introduce o concepto de soberanía, que se completa co comentario do artigo nove cando di que “las autoridades emanan, directa e indirectamente de la voluntad de los ciudadanos”<sup>86</sup>. Aproveita a oportunidade para lembrar que tamén os monarcas son un poder delegado: “Cuando oigáis decir que Dios ha elegido a Juan, a Pedro o Diego para que nos mande, considera blasfemo al que lo afirme e impostor al que se suponga elegido por el Cielo”<sup>87</sup>, porque a nación “no es, ni puede ser patrimonio de ninguna persona o familia”<sup>88</sup>.

Para evitar suspicacias, Paz Novoa introduce a Deus como creador, que dotou o home de intelixencia, sensibilidade, vontade e liberdade<sup>89</sup>. A liberdade debe ser “*religiosamente* respetada”<sup>90</sup>. O cristianismo defendeu a liberdade e a “doctrina contraria sirvió para condenar a Sócrates por profesar la creencia de la unidad de Dios y de la inmortalidad del alma, para condenar a Jesucristo cuya divina predicación destruía por sus cimientos la sociedad antigua”<sup>91</sup>. Esas apelacións a Deus e ao cristianismo pretenden crear na mente dos alumnos a idea de que non hai disociación ningunha entre as crenzas e o liberalismo.

